

Relatos dos Lectores

1.- La Voz de Galicia, S.A. convoca a 25.^a Edición dos Relatos de Verán que se publicarán durante o mes de agosto do 2024. Establécense dous premios, un para os participantes menores de 16 anos e outro para os que superen esa idade.

2.- Poderán participar todas as persoas que o desexen, con relatos en galego ou en castelán, sempre que sexan inéditos e que se axusten ás seguintes condicións:

· A dimensión dos textos non poderá exceder de 25 liñas mecanografadas de corpo 11 (uns 2.100 caracteres con espazos incluídos).

· Os orixinais deberán acompañarse cos datos do autor (idade, nome, D.N.I., enderezo, teléfono, profesión e, a ser posible, unha breve indicación biográfica e fotografía tamaño carné) e co texto en soporte informático. Para participantes menores de 14 anos, os textos e datos do autor deberán ser remitidos polos seus pais ou titores legais, acompañando así mesmo os seus datos (nome, D.N.I., enderezo, teléfono de contacto), en sinal de autorización para participar no premio nos termos que se indican nas presentes bases.

3.- As obras deberán enviarse á dirección de correo «25.^a Edición dos Relatos de Verán de La Voz de Galicia (Premio dos Lectores). Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85. Polígono Industrial de Sabón. 15143 Arteixo (A Coruña)», ou por correo electrónico (e-mail) a relatos@lavo.es.

4.- O prazo de presentación de orixinais é o comprendido entre o 17 de xuño e o 31 de xullo do 2024, ambos incluídos.

5.- Un xurado designado pola organización do premio seleccionará, entre todos os recibidos, aqueles relatos que serán publicados ao longo do mes de agosto do 2024 en La Voz de Galicia e, simultaneamente, na páxina web (www.lavozdeg Galicia.es).

6.- Establécense dous premios, un para os participantes que aínda non teñan os 16 anos cumpridos e outro para os que superen esa idade.

7.- Os lectores, a través dos cupóns que o periódico publicará ao efecto, poderán votar os relatos dos lectores que consideren mellores en cada unha das categorías. Só computarán os votos recibidos en cupóns orixinais e non se admitirán fotocopias. Os autores gañadores en cada categoría faranse públicos en setembro do 2024.

8.- O autor de ata 15 anos (incluídos) que acade maior puntuación polo seu relato recibirá un eBook.

9.- O autor de 16 ou máis anos que acade maior puntuación polo seu relato será obsequiado cun bono para unha estancia dunha (1) noite para dúas persoas nun dos establecementos OCA Hotels de Galicia ou Asturias, en habitación dobre, en réxime de aloxamento e almuerzo. A estancia poderá disfrutarse ata o 31 de marzo de 2025 (válido de domingo a xoves, salvo festivos; e suxeito a dispoñibilidade), sendo necesario para o seu disfrute efectuar reserva previa.

10.- La Voz de Galicia resérvase o dereito a obsequiar cun premio equivalente ante calquera incidencia na adquisición do premio.

11.- Todos os remitentes dos cupóns que participen na votación entrarán no sorteo dunha

selección de libros da editorial Biblos Clube de Lectores.

12.- Os premios estarán suxeitos á normativa do IRPF e, en particular, á retención ou ingreso a conta que legalmente corresponda a conta do devandito imposto. Os premios non son transferibles, nin canxeables polo seu valor en metálico.

13.- Os participantes responsabilízanse da autoría real e a orixinalidade dos relatos, así coma dos seus contidos, que non poderán ser ilícitos, ofensivos ou discriminatorios, nin lesionar bens ou dereitos de terceiros. O feito de participar no premio implica a cesión non exclusiva polos autores a La Voz de Galicia, S.A. dos dereitos de explotación sobre os relatos, incluíndo os dereitos de reprodución, recompilación en libro, transformación, distribución e comunicación pública, para todo o mundo, polo máximo prazo de tempo que recoñece a lei aos titulares dos dereitos e por calquera medio ou soporte.

14.- Infórmase de que o responsable do tratamento dos datos dos participantes no concurso (e, no seu caso, dos seus representantes) e dos remitentes dos cupóns de votación é La Voz de Galicia, S.A., con dirección postal en Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), teléfono: 981180180* e correo electrónico: lopd@lavo.es. La Voz de Galicia ten designada unha Delegada de Protección de datos, con correo electrónico: dpo@lavo.es.

Para a participación no concurso os participantes (así coma, no seu caso, os seus representantes legais) deberán aportar os datos que se indican no apartado 2 anterior. Pola súa banda, os remitentes dos cupóns de votación deberán cumprimentar os datos que se sinalan no devandito cupón. Os datos indicados neste parágrafo son necesarios para a participación e o envío de votacións, respectivamente. En caso contrario, non poderemos atender a solicitude.

La Voz de Galicia tratará os datos dos participantes (e dos seus representantes) para a xestión e organización do concurso, sendo a base legal para o tratamento destes datos a execución da relación contractual cos interesados.

Os nomes, idade, biografía e imaxe dos autores poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións que poida levar a cabo La Voz de Galicia, sempre que a comunicación pública estea relacionada coa súa participación no concurso, e asemesmo poderán publicarse xunto cos textos dos que son autores, salvo que a solicitude do autor proceda realizar calquera modificación, de conformidade co establecido na normativa vixente.

Por outra banda, La Voz de Galicia tratará os datos dos remitentes dos cupóns de votación para a xestión e organización do concurso, sendo a base legal para o tratamento destes datos a execución da relación contractual cos interesados.

Salvando a publicación dos datos dos autores arriba sinalada, non se realizarán cesións de datos persoais a terceiros, excepto en caso de que exista unha obriga legal.

Os datos conservaranse mentres sexan necesarios para os fins para os que se recabaron, e durante os prazos de prescrición previstos.

Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e, no seu caso, portabilidade dos seus datos persoais, así como de oposición e limitación ao tratamento dos seus datos, dirixíndose a La Voz de Galicia a través da dirección de correo electrónico lopd@lavo.es, ou na seguinte dirección: La Voz de Galicia, S.A. – Protección de datos, Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), indicando os detalles correspondentes á súa solicitude e acreditando debidamente a súa identidade (e, no seu caso, a súa condición de representante legal).

Infórmase asemesmo aos interesados de que teñen dereito a obter información sobre o exercicio dos seus dereitos e/ou presentar unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

15.- Non poderán participar no concurso os traballadores de La Voz de Galicia, S.A. ou das restantes empresas que compoñen o grupo Corporación Voz de Galicia.

16.- A participación nesta convocatoria implica a total aceptación das súas bases. La Voz de Galicia, S.A. resérvase o dereito de interpretalas ante calquera dúbida que puidese xurdir.